

**20, 21 e 22 de xullo 2018**

**Centro Cívico do Romañó  
Concello de Santiago**



**Observatorio da Nova Diáspora**

**Ideas e arte da emigración  
galega actual**

# ONDA

## Observatorio da Nova Diáspora

### VENRES 20

### PROPAGACIÓN DE ONDA

12:00

INAUGURACIÓN

13:00

SESIÓN VERMÚ

EXPOSICIÓN DE ARTE:

Dolores Sánchez Calvo, Cé Tomé e Xelís de Toro.

17:00

FALADOIROS E DEBATE CON:

Embaixada.gal, María Alonso, Xavier Queipo,  
Helena Miguélez-Carballeira, Alejandra Plaza,  
Xosé M. Núñez Seixas, Inma Gil Rosendo  
e Begoña Gonzalez

22:00

GALICIAN FILM FORUM,

Curtametraxes e coloquio cos directores:

Galicia Portobello Road

Matria

Pettring

Europa

Adriana Páramo

Álvaro Gago

Eloy Dominguez Serén

Hugo Amoedo

### SÁBADO 21

### ONDA REFRACTARIA

17:00

LITERATURA E ACCIÓN POÉTICAS

Presentación do libro colectivo ONDA POÉTICA editado  
por Positivas coa participación de:

Óliver Escobar, Ramón Neto, Martín Veiga,

Xavier Queipo, Xelís de Toro, Isaac Xubín,

Carlos Penela, Elías Portela, Alicia Fernández

Gonzalo Hermo, Lorena Souto

Presentación do proxecto discográfico

HiFi:WiFi por MisterChoco

20:00

A ILLA DE SANTA NADA

Performance de Laboratorio

22:00

DISTINTO/DISTANTE

Performance de RioLagares

23:00

FOLIADA INTERNACIONAL

no parque exterior

### DOMINGO 22

### ONDA SOANTE

17:00

ASEMBLEA ONDA

CONCERTO DE CLAUSURA:

22:00

XOSÉ GAEL

23:00

IALMA

Onde sentir a voz da emigración? Nas propias voces dos e das emigrantes ou na confusión de discursos que sobre a emigración escoitamos? Na academia, na administración, nos media, na rúa, no imaxinario galego, *emigrante* significa algo... Mais que? Quen é?

Adoita colocarse a emigración no cerne dese quen galego. Galiza, como idea, armouse no século XIX nos símbolos de ida e volta que unha idea emigrante forxou: dende o himno a toda unha construción ontolóxica que continúa a ramificarse na actualidade. Dende aquela diáspora que no período caciquil, dacabalo entre os dous últimos séculos do pasado milenio, fendeu a demografía desta terra para sempre, a disección do fenómeno migratorio tamén se escindiu en dúas correntes: unha visión pesimista e esgazadora, para a que a emigración é unha consecuencia do subdesenvolvemento, unha mágoa para o país, o migrante e a súa familia; unha perda que só cabe chorar. E outra que ve a emigración como un fenómeno complexo, asimilable ao acontecido noutras partes do planeta, non só consecuencia do subdesenvolvemento, mais tamén da existencia de oportunidades e redes, na que os individuos e mais as súas decisións xogan un papel activo, e que ten consecuencias diversas, non sempre negativas.

A primeira opción deixounos un saudosismo morriñento, mesmo sumiso e resignado, até o límite de querer xustificar as súas causas por medio de esoterismos etnolóxicos, como se a emigración fose inherente ao 'carácter' supostamente galego. E aínda hoxe perdura, mesmo dende posicións ideolóxicas opostas, esa visión monolítica que mira a emigración de lonxe como un non-lugar, e só lle outorga o horizonte do regreso a unha arcadia feliz que non existe ou esmorece nas cunetas do Eixo Atlántico. Noutra frecuencia de onda, tamén sempre houbo entre nós unha visión crítica que incidiu na organización da propiedade e os medios de produción como causa primordial da emigración, e que tampouco ignorou a migración como negocio de determinados intereses comerciais ou mesmo como sistema de exclusión social que expulsa á xente rebelde (adoito a máis consciente e preparada) que non encaixa ou desafía o *status quo*.


Mais aquela diáspora primeira deixou a súa pegada indelével. E logo, en refachos igualmente marcantes para o país, sucedéronse exilios e novas vagas migratorias aparelladas a cadansúa crise, até a actual, a de agora, á que algúns neste inicio do novo milenio denominan xa de nova diáspora, como se —*mutatis mutandis*— a longa sombra emigrante tivese carta de natureza eterna entre nós, para a perpetuación ou exterminio da nosa realidade social. Na nova diáspora galega pode haber persistencias ou restos das migracións clásicas, mais hai sen dúbida novos fenómenos diferenciadores que son rexistrábeis xa dende finais do século pasado. En primeiro lugar a presente vaga é multipolar, se ben se pode focalizar en Europa Occidental (polas vantaxes que ofrece o espazo Schengen, antes inexistente). En segundo lugar, os medios de comunicación actuais, as súas aplicacións, globalización e rapidez, permiten un contacto case permanente e en tempo real coa "casa", entendida como a familia e relacións que se deixan en orixe, e posibilitan

asemade ferramentas de información e organización comunitaria dunha inmediatez antes impensábel.

É por iso que resulta incríbel que a voz da nova diáspora permaneza muda no debate da nova realidade galega. Nas circunstancias actuais, é imprescindíbel a súa contribución a un discurso sobre a emigración que se formula dende diversos ámbitos: a renacementa neoliberal recupera vellos argumentos, reducindo as persoas migrantes a materiais consumíbeis a expensas da voracidade e caprichos do incuestionábel mercado laboral: é a nova mobilidade, que abranxe dende a precariedade á fuga de talento; dende a administración contémpanse as métricas e estatísticas, deséñanse retornos de axencia de viaxes e celébranse banquetes regados de bágoas: política asistencial e beneficencia; nos medios de comunicación populares enmárcase a foto exótica e celébranse os casos de triunfo emprendedor e o mito do inefábel galego presente en canto recanto do mundo hai; a academia segue inzándose de historias e microhistorias nun pozo inesgotábel e autoreferencial que semella afondar aínda máis na incrustación do estigma emigrante como algo inevitábel.

Neste estado de cousas non se pode aceptar migrante como cidadán de segunda, nin xustificar a súa dificultade para votar ou ter influencia, para viaxar ou arraigarse, para a construción do futuro. Non podemos lembrarnos da emigración só cando xorden problemas coas facendas internacionais ou as divisas ou o realiañamento de fronteiras, cando as cousas andan mal en Venezuela ou Arxentina, cando Europa non funciona, cando hai Brexit. Temos que observar e aprender o que eles pensan, fan e din. Queremos saber das redes que tecen, de como se organizan, das artes que practican, da visión das xeracións fillas da emigración, de como reflexionan e formulan a súa experiencia migrante, da intermitencia da xente que vive entre aquí e acolá. Dela ten que nacer o discurso da nova diáspora.

Na nosa realidade global e post-industrial, onde se dilúen decote os sinais de identidade que herdamos das vellas ciencias sociais, é claro que as motivacións das persoas que optan, forzadas ou non, por abandonar o seu territorio natal, teñen tamén que mostrar a pluralidade indefinida dos nosos tempos. A nosa xente que vive fóra agora non pode ter unha única faciana, nin responder a un único estereotipo, nin encaixar noutro discurso que non sexa o seu propio. ONDA nace para escoitar as voces e observar os feitos que poden darlle forma e realidade a ese discurso necesario.



VENRES 20 — 17:00

Iniciativa transnacional de galegos e galegas na procura dun novo asociacionismo, [embaixada.gal](http://embaixada.gal) preséntase en ONDA coma o voceiro da emigración galega do século XXI.

Manifesto por unha embaixada galega

“Cansos xa de percorrer camiños vellos e fracasados, temos arrenegado de todos eles; pero non queremos sinalar un camino determinado. A nosa ruta, nos primeiros pasos, quere tan só coñecer por onde non debemos ir: tódolos outros camiños poden ser nosos.”

Así comeza o manifesto *Máis alá* (1922), do vangardista Manuel Antonio e así queremos abrir a fiestra ao vento mareiro que nos empurra, como nos impulsaron sempre as xeracións de vangardistas que inspiran os vieiros da nosa historia. E dicimos “a nosa historia”, porque é desde nós e para nós, galegos e galegas do século XXI, e para o mundo enteiro, que creamos esta plataforma onde nos queremos ver representados e representadas como parte fundamental que somos da identidade galega, desde a lonxanía xeográfica que impón o trasfondo emigratorio.

Somos galegas e galegos, emigrados (ou non), unidos polo compromiso coa nosa realidade, de moi diversas orixes e mestizaxes, sendo músicos, informáticos, escritoras, xubilados, ou sinxelamente traballadores nunha realidade onde goberna a precariedade e a incerteza. Pois a galeguidade é o mellor xeito que temos e sabemos estar neste mundo globalizado e desde ela, tecer coma redeiras afanadas na amorosa tarefa de coser todos os nós que nos unen con outros pobos e con outros humanos e outras paisaxes.

“Cómpre romper a marcha pola mesma estrada que fagamos cos nosos pasos e afrontar nela unha peregrinaxe sen chegada, porque en cada relanzo do camiño agárdanos unha voz que nos berra: Máis alá!”

Facemos un chamamento a todas aquelas activistas de todos os eidos para unha unión arredor das novas tecnoloxías, que son ferramentas que nos achegan á nosa terra e nos interconectan como nunca antes sucedera, e da recuperación do poderoso espírito de tantas e tantos emigrantes, construtores de sociedades mutualistas, financiadores de escolas e agrupacións culturais, impulsores da edición de literatura e das artes galegas, contra a desmemoria, impulsores dun país a cocerse. Embaixadores, en definitiva, dun mundo mellor. Alegría e Liberdade!

Sede benvidas e benvidos á [embaixada.gal](http://embaixada.gal)

[embaixada.gal](http://embaixada.gal). Dende Galiza, [Brais](#) (coñecedor do mundo e das súas necesidades e colaborador do grupo Ialma), [Lucio](#) (organizador de obradoiros e ensinante) e [Jorge](#) (emigrante retornado de Alemaña a Almería, experto en informática e deseño gráfico); dende Bélxica, [Marisol](#) (filla de emigrantes fundadores de centros galegos e integrante do grupo Ialma); dende Alemaña [Eva](#) e [Martín](#) (fillos de emigrantes galegos fundadores e presidentes de entidades galegas) e [Alexandra](#) (dirixente de sociedades galegas en Suíza e Alemaña e membro da Comisión Delegada de Emigración da Xunta de Galicia por Europa no seu día, ao igual que Martín).

Se fose fácil, faríao outro

A emigración a Europa do século XXI

VENRES 20 — 17:00

Se fose fácil, faríao outro é froito dun relatorio sobre a emigración española do século XXI presentada no Instituto Cervantes de Frankfurt, Alemaña, ante 300 persoas, e do estudo e as vivencias que 22 anos de implicación activa na diáspora dan para compartir e mostrar. O relatorio *Unha nova forma de emigrar*, foi levado ás escolas e universidades alemás e máis tarde ás universidades de Xapón e Zamora. Tras o interese suscitado e a necesidade de transmitir o labor calado e abnegado de miles de emigrantes que nos foron abrindo as portas de Europa e do mundo co esforzo, a capacidade de sacrificio e a entrega ao traballo, nace este libro.

A emigración é tan ampla como emigrantes dispersos polo mundo. Por iso é moi difícil recoller cada unha destas historias. Este traballo achegaravos á diáspora máis actual, coñecerdes os diferentes perfís do emigrante, asombrarédesvos coas diferenzas entre a diáspora moderna e a dos anos 60-70, coñecerdes de primeira man historias persoais, incluída a da autora, as estatísticas, a importancia do asociacionismo no exterior, o proceso de integración, as consecuencias de vivir entre dous mundos ou do retorno, como se vive un Nadal fóra de casa, como crecen os pobos no verán, a importancia de aprender o idioma do país receptor, un punto de vista diferente a pé de rúa ou o sentimento tan arraigado no emigrante como é a soidade.

Alejandra Plaza. Escritora e observadora incansable do mundo, é oriúnda de Cabana de Bergantiños, un pequeno e acolledor recuncho bañado polas frías augas do Atlántico galego situado na Costa da Morte. Sensible e práctica, destra coa palabra e a visión, esta emprendedora e forxadora de oportunidades galega-suíza-alemá, válese da cohesión como estratexia e da diplomacia como talento. No seu sentido de país reside a súa riqueza profesional e persoal e, na prosperidade e benestar das súas xentes está o seu obxectivo.

Viaxeira incansable e mariscadora de recordos e historias da emigración española desde o ano 1997 pretende plasmar neste libro parte da experiencia vivida en primeira persoa e compartirla con tantos emigrantes a través dos anos e demostrar que... se fose fácil, faríao outro.

Transmigrantes, fillas da precariedade

VENRES 20 — 17:00

A intervención estará baseada en *Transmigrantes, fillas da precariedade* (Axóuxere, 2017), un ensaio que explora os condicionantes e consecuencias da nova diáspora galega. A bidireccionalidade dos fluxos migratorios das últimas décadas dentro e fóra das fronteiras europeas afecta tamén á comunidade galega, propiciando a reinterpretación do paradigma arredor da nosa diáspora clásica. A realidade desta nova xeración emigrante diferénciase en varios aspectos doutras vivencias anteriores. Polo tanto é preciso adoptar unha perspectiva crítica alternativa á hora de achegarse a esta nova práctica errante co fin de cuestionar a idealización da intra-migración europea que se ofrece, en ocasións, dende medios de comunicación. O meu interese na nova diáspora galega céntrase na experiencia subalterna desta nova xeración de emigrantes que non atopa alternativas laborais no país de orixe e decide facer as maletas. Trátase esta dunha emigración fomentada por parte dos

governos dentro dunha das chamadas 'zonas de confort' e que responde a unha serie de intereses de mercado que propician a visión do suxeito migrante como capital humano ao tempo que xustifica o peche de fronteiras da coñecida como Fortaleza Europea. Mais este novo fenómeno migratorio xurdido a partires da mal chamada crise económica de principios do século XXI non soamente afecta a xente nova e, na maioría dos casos, con cualificacións académicas; tamén atangue a quen chegou a Galicia dende alén das súas fronteiras durante a época do boom inmobiliario e aos retornados, é dicir, a emigrantes que decidiron volver á terra aproveitando a conxuntural bonanza económica de finais do século pasado. A emigración actual ten moitas caras e historias, mostra da natureza heteroxénea deste colectivo, e é por isto que é preciso abrir xa un debate arredor deste novo fenómeno migratorio sen esperar a ter máis distancia histórica para dar voz a unha xeración que padece de anacronismo.

María Alonso. Licenciada en Filoloxía Inglesa e Hispánica, doutoreime pola Universidade de Vigo cunha tese sobre estudos da diáspora e representacións culturais. Son autora dos ensaios *Diasporic Marvellous Realism: History, Identity and Memory in Caribbean Fiction* (Brill, 2015), *Transmigrantes, fillas da precariedade* (Axóuxere, 2017) e o vindeiro ano publicarei un novo monográfico sobre literaturas de fronteira coa editorial Pliegos. Vivo na cidade de Edimburgo, alternando traballos dentro e fóra do eido académico coa escrita de ficción en lingua galega e inglesa. A miña primeira novela, *Despois do cataclismo* (Urco), foi publicada no 2015 e a segunda sairá publicada no 2019.

Roberto Abuín. Estudou Filosofía na Universidade de Santiago de Compostela. Posteriormente, realizou unha especialización en Antropoloxía na Universidade da Terra (Oaxaca, México), a carón do teórico e activista Gustavo Esteva, afondando na obra de Iván Illich e no estudo de ontoloxías indíxenas. Foi cofundador e editor literario da editora independente mexicana Almadía e na actualidade é un dos responsábeis de Axóuxere Editora.

**XAVIER QUEIPO**  
A desaparición da patria

CONFERENCIA

VENRES 20 — 17:00

Partindo dun texto de Pier Paolo Pasolini nos seus *Escritos Corsarios* (Positivas) e da experiencia propia como expatriado de longa duración, Queipo presenta unha serie de paradoxos da sociedade actual en Europa, onde o reverdecer dos nacionalismos supremacistas e dos populismos máis básicos entra en conflito coas características máis sobranceiras das sociedades occidentais: o gregarismo, o mimetismo e a aculturación. Como corolario fai unha pregunta ao auditorio: quen estaría disposto a morrer pola Patria, alistarse nun exército e defender coas armas a autonomía ou a independencia de Galiza? O acto está pensado como participativo. Queipo pénsao como unha introdución temática das contradicións observadas nas súas estadías en varios países de Europa mais que como unha palestra onde presentar unha teoría ou intentar extraer unhas conclusións. Trátase pois dunha oportunidade para o diálogo e non para o proselitismo ideolóxico.

Xavier Queipo. Nado en Compostela, dende hai unha morea de anos vive e traballa en Bruxelas. Escritor cunha longa traxectoria como narrador, poeta, articulista e conferenciante. Colaborou no portal web Vieiros, na Revista das Letras e no semanario A Nosa Terra. Na actualidade colabora na revista Grial e no semanario Sermos Galiza. Mantivo unha columna de opinión semanal no programa da Radio Galega, Diario Cultural entre setembro 2005 e setembro 2007. Premio da asociación de Críticos de España en

1991 por *Ártico*. En 2011 gañou o Premio Xerais coa novela *Extramunde*. En 2012 obtivo o Premio X. M. Álvarez Blázquez ao escritor galego máis destacado de 2011. Premio Nacional de Tradución (compartido, 2014) pola tradución de *Ulysses*, de James Joyce ao galego. En 2015 gañou o Premio Eduardo Blanco Amor coa novela *Os Kowa*. Membro do Dichterscollectief van Brussel dende 2007.

**HELENA MIGUELEZ-CARBALLEIRA**

**Formas de volver á casa**

**CONFERENCIA**

**VENRES 20 — 17:00**

Malia a ser un dos símbolos centrais das poéticas sobre a nosa identidade cultural, a casa tamén se pode pensar como un dos “obxectos” máis maltratados da modernidade post-rural galega. Nesta palestra exploraranse as diversas manifestacións deste maltrato, cifrables na presenza da casa tradicional galega nos discursos paisaxísticos contemporáneos como ruína (casa abandonada), como artefacto turístico (casa rural) ou como patrimonio irreclamábel (feísmo). A partir destas consideracións, abordaranse os diversos imaxinarios sobre o retorno á casa nalgunhas poéticas recentes (Luz Pichel, Olalla Cocinha) como formas de restauración.

Helena Miguélez-Carballeira é profesora titular de Estudos Hispánicos na Universidade de Bangor (Oymru) e directora do Centro de Estudos Galegos en Gales. É autora do libro *Galiza, povo sentimental? Género, política e cultura no imaginario nacional Galego* (Através, 2014), que recibiu o premio ao mellor libro de ensaio 2015 pola Asociación de Escritorxs en Lingua Galega. Editou o volume *A Companion to Galician Culture* (Tamesis, 2014).

**XOSÉ M. NÚÑEZ SEIXAS**

**Vellas e novas migracións: continuidades e crebas**

**CONFERENCIA**

**VENRES 20 — 17:00**

Galicia foi terra de migracións, sazonais e permanentes, dende a Idade Moderna; entre 1880 e 1930, de migracións masivas cara a América; entre 1946 e 1970, outravolta cara a América, e entre finais da década de 1950 e comezos da de 1970, tamén cara a Europa central e occidental. Cando España deveu en receptora neta de inmigrantes, a inmigración en Galicia presentaba un perfil ben diferente, e seguía a rexistrarse emigración, quer seguindo vellas redes (cara aos EUA), quer abrindo novas (Canarias) ou como mobilidade de licenciados. A Grande Depresión de 2007-08 incrementou a derradeira tendencia, dando lugar a novas saídas de persoas novas e cualificadas cara á Europa occidental. Na esfera pública todas esas migracións se presentan baixo un patrón clásico, de carimbo rosaliano, forxado nos anos das migracións masivas a América. Porén, que diferenzas hai entre as novas e as vellas migracións? Até que ponto as diásporas doutrora e de hoxe en día teñen puntos en común?

Xosé M. Núñez Seixas é catedrático de Historia Contemporánea da USC, e foino durante cinco anos (2012-17) na LMU de Múnic. Integrante do Arquivo da Emigración Galega (Consello da Cultura Galega).

**INMA GIL ROSENDO E BEGOÑA GONZALEZ**

**PRESENTACIÓN**

**Cultura pop up e redes sociais:**

**Claves para entender a nova diáspora galega de Londres**

**VENRES 20 — 17:00**

Os galegos temos moita experiencia na emigración. Tradicionalmente artellamos as nosas relacións a través de asociacións físicas que acabaron constituíndo os Centros Galegos. Hoxe en día a realidade da diáspora é radicalmente diferente e as maneiras de relacionarnos entre nós tamén cambiaron. É aquí onde xorden as redes sociais como punto de encontro. Londres é un laboratorio deste novo xeito de conectar as novas xeracións de emigrantes. As iniciativas en Facebook do grupo dos *Galegos morriñentos* en Londres e de Galego en Londres —que tamén está en Twitter e Instagram—, son as dúas experiencias máis relevantes dos últimos dez anos e cumpren un papel clave na cohesión destas novas comunidades. Delas xurdiron novas iniciativas sociais, culturais e artísticas que hoxe teñen unha entidade propia na cidade. A última delas, o ilusionante nacemento de *Rega-UK* (Rede Galega en UK), unha nova asociación para a promoción da lingua e cultura galega no Reino Unido. Inma Gil Rosendo e Begoña González Rei exploran as oportunidades e os desafíos que supón xestionar esta maneira de crear comunidades nunha era dixital, multimedia e en constante cambio.

Begoña González Rei é profesora de Lingua Galega no ensino secundario. Desde o 2015 imparte clases de galego no Instituto Español Cañada Blanch de Londres, onde ten máis de 50 alumnos na ESO e outros 30 en Primaria. Ademais, é responsable do blog *Fala Londres* e das redes sociais de *Galego en Londres*, que ten xa arredor de 7.300 seguidores no Facebook e de 1.500 no Twitter. Estes espazos visibilizan os encontros e proxectos que realiza no ámbito educativo, divulgan a actividade profesional, cultural e artística realizada polos galegos de Londres e difunden información de inte ese para a comunidade galega en UK.

Inma Gil Rosendo é xornalista multimedia para BBC News Mundo e vive en Reino Unido dende 1999. En maio de 2008 creou en Facebook o grupo *Galegos Morriñentos* en Londres, que vén de celebrar o seu décimo aniversario. Con máis de 2.700 membros, este grupo, administrado por varias persoas, é hoxe un punto de referencia para a nova xeración de emigrantes galegos na capital británica. Inma tamén liderou varias iniciativas a prol da lingua e a cultura galega en Londres, como o manifesto interactivo *O galego é útil* ou máis recentemente o playgroup *Troula*, para familias galegofalantes. Dende hai 7 anos tamén é nai.

**GALICIAN FILM FORUM**

**PRESENTACIÓN**

**O Galician Film Forum,**

**expresión transcultural na diáspora**

**VENRES 20 — 22:00**

O Galician Film Forum é un espazo de exhibición do cine galego no Reino Unido. Nace de maneira espontánea no 2015 en Londres, da man dun grupo de expatriados galegos que identificaron como unha necesidade o poder ver cine galego de forma legal en Inglaterra. Dende a súa creación o GFF adquire un compromiso identitario co fomento da cultura galega que se dá por varias vías. O GFF apoia a lingua galega, facendo un labor de normalización ao empregala nos eventos e nas súas comunicacións. Ademais ten un valor transnacional, xa que tanto os eventos como as proxeccións se fan de forma bilingüe en galego e inglés, polo que o GFF chega así aos non galegos falantes.

O GFF promove a creación galega, entendéndoa como a produción que se fai dentro e fóra das nosas fronteiras, e especialmente apoia aos creadores que traballan dende a diáspora. O Galician Film Forum amplía e anova a chamada Galiza exterior, sendo unha ponte cultural entre Galicia e o resto do mundo, convertíndose nunha expresión transcultural e transnacional na diáspora. Ao longo dos seus tres anos de vida o Galician Film Forum organizou oito eventos en Londres e colaborou con outras entidades do Reino Unido como o festival Iberodocs en Escocia, e coa Universidade de Oxford. Fíxose así un oco no panorama cultural dos galegos en Londres e no Reino Unido, e espera seguir medrando e chegando dunha forma máis extensa a outras comunidades.

Adriana Páramo. Nada en Vigo en 1985. Licénciase en comunicación audiovisual pola USC e gradúase do master de cine da London Film School. Como directora ten dúas curtas premiadas internacionalmente, e cinco anos de experiencia como xefa de produción en vídeos branding e corporativos. No 2015 funda o Galician Film Forum baixo a idea de crear comunidade. Actualmente fai un doutorado na Royal Holloway, en documental e procesos creativos.

Laura Rodríguez Ares. Nada en Galicia. Estuda Xornalismo en Salamanca especializándose en Economía. Traballa na Axencia EFE en Madrid e no 2010 empeza no Gabinete de Comunicación da Xunta de Galicia, en Santiago. Compaxina isto coa creación do fanzine local Humanoide. No 2012 comeza unha nova aventura en Londres, adicándose ao ensino do Español como Lingua Estranxeira. Adquire unha bolsa do Instituto Cervantes e traballa como asistente en colexios. Nesta época entra a formar parte do Galician Film Forum. No 2016 leva un programa educativo a un campo de refuxiados en Katsikas, Grecia. Actualmente traballa en Londres como mestra de Linguas Modernas en Secundaria.

Xabier Mera. Nado en Compostela no 1977. Graduado en Filoloxía Galega pola USC, formouse en teatro e música. Aínda que tamén creador e facilitador de proxectos culturais, esencialmente é músico, tocando e componendo dende hai máis dunha década. En Londres funda no 2015 o Galician Film Forum pola necesidade de promover iniciativas culturais. Actualmente reside en Galicia e é membro da directiva da asociación Músicas ao Vivo.

**GALICIA. PORTOBELLO ROAD**  
**Adriana Páramo**

**CURTAMETRAXE**

**VENRES 20 — 22:00**

#### Fichas artística e técnica

ANO	2015
XÉNERO	Ficción
DURACIÓN	9 min
PRODUCCIÓN	Galicia e Reino Unido
IDIOMA	Galego
ASPECT RATIO	2.39:1
GUIÓN E DIRECCIÓN	Adriana Páramo
DIRECCIÓN DE FOTO	Tasha Back
PRODUCCIÓN	María Ugarte
MÚSICA	Xan Campos
ACTRICES	Mariana Carballal e Estibaliz Veiga Festivals



## Festivais

PREMIOS	Premio Golden Palm Curta de Narrativa no Mexico International Film Festival 2016, Premio de Ouro no International Student, Newcomer and Women Awards 2017, Bali
NOMINACIÓNS	Mellor cinematografía Florida Movie Festival 2015
OUTROS FESTIVAIS	BoomTown Film and Music Fest 2016, Texas Redondela en curto 2016, Spain, Festival Armadiña 2016, Spain, Curtas Film Fest 2016, Spain, Cannes Shorts Film Festival 2015, France, Portobello Film Festival 2015, London, London Spanish Film Festival 2015, Festival de Cans 2015, Spain, Primavera do Cine 2015, Spain Sinopse Galicia. Portobello Road Cando Celtia coñece as novas de que a súa nai vai pechar o restaurante que leva rexentado durante máis de 30 anos en Londres, vai falar con ela para convencela de que non marche. Nesta conversa as dúas aprenden a verse como adultas máis alá da súa relación materno filial.

## Sinopse

### Galicia. Portobello Road

Cando Celtia coñece as novas de que a súa nai vai pechar o restaurante que leva rexentado durante máis de 30 anos en Londres, vai falar con ela para convencela de que non marche. Nesta conversa as dúas aprenden a verse como adultas máis alá da súa relación materno filial.

Adriana Páramo. Nada en Vigo en 1985. Licenciouse en comunicación audiovisual pola USC e graduouse do master de cine da London Film School. Como directora ten dúas curtas premiadas internacionalmente, e cinco anos de experiencia como xefa de produción en vídeos branding e corporativos. No 2015 funda o Galician Film Forum baixo a idea de crear comunidade. Actualmente fai un doutorado na Royal Holloway, en documental e procesos creativos.

## MATRIA

Álvaro Gago

## CURTAMETRAXE

VENRES 20 — 22:00

## Fichas artística e técnica

ANO	2017
XÉNERO	Ficción
DURACIÓN	20 min
PRODUCCIÓN	Galicia
IDIOMA	Galego
ASPECT RATIO	1,66:1
GUIÓN E DIRECCIÓN	Álvaro Gago
DIRECCIÓN DE FOTO	Lucía C. Pan
PRODUCCIÓN	Álvaro Gago, Alberto Gago, José Gago, Mireia Graell
ACTRICES	Eulogia Chaves, Sara Dios, Pilar Fragua

## Festivais

PREMIOS	Premio Grand Jury no Sundance Film Festival 2017, Águila de Campo no Aguilar de Campoo Short Film Festival 2017, Premio Alcine e Premio Alcalá no Alcalá de Henares Short Film Festival 2017, Mellor curta de ficción no IndieLisboa International Film Festival 2017, Mellor curta no Lleida Latin American Film Festival 2017, Premio La otra mirada no Medina Film Festival 2017, Premio Noche de cortos españoles no Valladolid International Film Festival 2017
NOMINACIÓNS	Grand Prix no Clermont Ferrand 2017, Premio do xurado no Verín International Short Film Festival, Primeiro premio no ZubrOFFka Film Festival 2017

## Sinopse

Ramona vive co seu marido, con quen apenas se comunica, e traballa nunha fábrica de conservas gobernada por unha encargada tirana. Ante os desafíos que lle presenta a súa rutina diaria, Ramona trata de refuxiarse na relación que a une á súa filla e á súa neta.

Álvaro Gago. Nado en Galicia, onde se licencia en Comunicación Audiovisual e Música. Estudia teatro en Chicago e anos máis tarde cursa en Londres un master de cine na London Film School. A súa curta de graduación, *Curricán*, foi premiada no Festival de Cans e no Curtocircuito. Tamén en Londres forma o Galician Film Forum e establécese como montador, combinando esta faceta coa dirección. En 2015 dirixe *Bombolles* como parte dun obradoiro de cine impartido polo cineasta Abbas Kiarostami. A súa última curta *Matria*, gañou numerosos premios internacionais como o Sundance Film Festival no 2017, e aínda sigue o seu percorrido en festivais.

## PETTRING

Eloy D. Serén

## CURTAMETRAXE

VENRES 20 — 22:00

## Fichas artística e técnica

ANO	2013
XÉNERO	Documental
DURACIÓN	20 min
PRODUCCIÓN	Suecia, Galicia
IDIOMA	Galego, sueco
DIRECCIÓN, PRODUCCIÓN E CÁMARA	Eloy D. Serén

## Festivais

PREMIOS	Estrea no Seville European Film Festival, Selección oficial no Málaga Film Festival, Festival du Cinéma Espagnol de Toulouse Midi-Pyrénées, Alcances e Ibn Arabi Film Festival (IBAFF). Outros: Play-Doc, Kino Otok-Isola Cinema International Film Festival,
---------	---

Iberodocs (Scotland), Zinebi, Curtocircuito, CGAI, Mostra de Cinema Etnográfico (Museo do Pobo Galego) e Universidade de Vigo.

### Sinopse

Un xove cineasta galego leva un diario sobre os seus primeiros meses como inmigrante en Suecia, onde traballa na construción. O autor usa a filmación do seu traballo na construción como unha metáfora para falar da súa nova identidade que vai formando como emigrante no novo país.

Eloy D. Serén. Nado en Simes (1985). Estudia en Salamanca, Milán e Barcelona onde se gradúa no 2010. Antes de debutar como cineasta, traballa como crítico de cine en radio e prensa e convértese en membro do xurado da Biennale de Venecia no 2010. No 2012 múdase a Suecia donde fai a súa curta documental *Petting*. A súa longa *No Cow on the Ice* estréase no 2015 acadando premios en festivais como Play-Doc, L'alternativa ou Márgenes. Actualmente traballa no seu próximo traballo, unha produción noruega filmada no círculo Ártico.

### EUROPA

Hugo Amoedo

### CURTAMETRAXE

VENRES 20 — 22:00

### Fichas artística e técnica

ANO	2017
XÉNERO	Experimental / Film Diary
DURACIÓN	27'
PRODUCCIÓN	Galicia e Bélxica
IDIOMA	Español
ASPECT RATIO	4:3
DIRECCIÓN E CÁMARA	Hugo Amoedo

### Sinopse

Un par de días antes de marchar do meu país, merquei unha cámara coa que tiña a intención de filmar a miña vida no estranxeiro. Estaba comezando a coñecer a unha rapaza, e Europa aparecía ante min coma un lugar moderno, cheo de luces e oportunidades. Despois de rematar os meus estudos en Sint Lukas, alá polo 2013, sucedéronse uns meses de perda existencial e estancamento laboral. Súmalle unha crisis romántica con María e terás un cocktail marabilloso. Así que eu proxectei aquel pesimismo individual sobre unha sociedade —a europea, se iso ten existido nalgures— que erraba sen destino nin lugar algún onde ir. Naquel mes de marzo, a Europa e a min fundíronsenos as luces. Coma non entendía nada do que sucedía ao meu redor, comecei a filmar. Quería deixar, polo menos, un rastro de imaxes que puidese entender nun futuro.

Hugo Amoedo. Nado en Redondela en 1987. Viviu en Madrid, Ámsterdam e agora vive e traballa en Bruxelas. É director das curtas *Robin&Robin* (xunto a M. Pérez, 2012), *Camping Wesertal* (2013), *On n'a pas fait l'amour* (xunto a F. Moser 2015) e *Europa* (2017). Actualmente traballa na capital europea no desenvolvemento da súa primeira longametraxe. Leva bigote.

### ONDA POÉTICA

### PRESENTACIÓN DO LIBRO

SÁBADO 21 — 17:00

Presentación do libro colectivo **ONDA POÉTICA** editado por Positivas coa participación de: Óliver Escobar — Edimburgo, Ramón Neto — Bruxelas, Martín Veiga — Cork, Xavier Queipo — Bruxelas, Xelís de Toro — Brighton, Gonzalo Hermo — Cataluña, Isaac Xubín — Sheffield, Carlos Penela — Viena, Elías Portela — Islandia, Alicia Fernández — Cataluña, Lorena Souto — Gales.

### MISTERCHOCO

Hi-Fi: Wi-Fi

### PRESENTACIÓN DISCOGRÁFICA

SÁBADO 21 — 17:00

Presentación do proxecto musical **Hi-Fi:Wi-Fi**, electrónica orgánica composta en Bélxica e producida nas Rías Baixas, a cargo do seu creador **MisterChoco**.

MisterChoco. Nado en Galicia, actualmente reside en Bruxelas (Bélxica), Oé Tomé é DJ e produtor musical dende 1982, actividade que ten desenvolvido en diversos países europeos baixo diferentes pseudónimos, como Doc Manhattan ou Misterchoco. Fundador do selo RíoLagares, Tomé comeza a compatibilizar en 1986 a música co deseño gráfico, a colaxe e a fotografía. Neste momento é socio do estudio fotográfico belga Twin pics e do colectivo Latente de Vigo.

### LABORATORO

A illa de Santa Nada / The Island of Santa Nada

### PERFORMANCE

SÁBADO 21 — 20:00

Feitos reais que se converten en mitos, lendas que se contan de boca en boca, soños que tornan pesadelos, lembranzas que mudan en utopías, todo encontra refuxio e fai fogar na illa de Santa Nada. Barcas que desaparecen e illas que non aparecen nos mapas van conformando unha nova xeografía mental na que o destino é a viaxe mesma. Nesta peza creada especificamente para o festival **ONDA**, *laboratoro* utilizará poesía en movemento, ruptura e improvisación vocal, creación sonora en vivo, invención de instrumentos e pintura en vivo, para debuxar ese lugar xeográfico imaxinario que se nos escapa, que soñamos e tamén tememos. A viaxe, a necesidade da partida, o medo ao descoñecido, o encontro co que buscamos e non entendemos: a illa de Santa Nada é a illa de todos e ninguén

Laboratoro son: Xelís de Toro, voz e movemento; Ed Briggs, música e creación de instrumentos; Jim Sanders, pintura ao vivo e escenografía. O escritor e performer galego Xelís de Toro colabora a miúdo co músico e artista Ed Briggs e o artista plástico Jim Sanders. Laboratoro é o nome utilizado normalmente para as colaboracións entre Xelís de Toro e Ed Briggs cun alto compoñente sonoro: música experimental, improvisación vocal e corporal e poesía. En ocasións, os tres artistas crean proxectos artísticos máis complexos co nome de boca2mouth, no que tamén poden participar outros artistas.

**RIOLAGARES**  
**Distinto/Distante**

**PERFORMANCE**

**SÁBADO 21 — 22:00**

Con música de MisterChoco, proxeccións de Oé Tomé e textos mesturados de Xavier Queipo en varias linguas, *Distinto/Distante* imbrica as tres disciplinas artísticas de xeito aarquitectar unha obra única que amalgama experiencias sonoras, visuais e auditivas. Así a lectura dos textos introduce a diversidade de linguas como paradigma do lugar que os artistas ocupan no tempo e no espazo, o que ven magnificado polas moitas imaxes recollidas a partir de detalles de graffitis en varios países de Europa, ao que se suma a experiencia auditiva de textos recollidos en vinilo de varios escritores francófonos con músicas dos catro cantos do mundo.

RioLagares (MisterChoco e Xavier Queipo) creouse nos anos noventa e ten realizado performances que mesturan a música cos textos e as imaxes. Entre as súas performances destacan *Unha noite con Carpentier*, textos de Alejo Carpentier e Xavier Queipo e música de MisterChoco (2000, Pontevedra e 2004, Vigo); *StreetArt* (Festival Intraliteratuur, Bruxelas, 2009), *O embigo do mundo*, imaxes de Oé Tomé, textos de Xavier Queipo e música de MisterChoco (2011, Centro Galego de Arte Contemporánea, Santiago de Compostela, e Museo do Mar de Galicia, Vigo); *A habitación de Ames*, imaxes de Oé Tomé, textos de Xavier Queipo e música de MisterChoco (2014, La Caja, Vigo); *Descoñecido*, textos de Xavier Queipo e música de MisterChoco (2015, La Caja, Vigo).

**FOLIADA INTERNACIONAL**  
**(No parque exterior)**

**EVENTO**

**SÁBADO 21 — 23:00**

Festa popular no parque anexo ao Centro Cívico do Romaño amenizada informalmente polas persoas participantes en ONDA chegadas dende distintos recantos do mundo. Cantar, tocar, bailar e petiscar algo xuntos na compañía da xente do barrio de Vista Alegre na noite compostelá. Trae o teu instrumento e axúdanos a cruzar fronteiras!

**ASEMBLEA ONDA**

**ASEMBLEA ABERTA**

**DOMINGO 22 — 17:00**

Reunión fundacional de ONDA como organización cívica e cidadá con ánimo de continuidade e permanencia. Nesta primeira asemblea, aberta a toda persoa interesada en participar na configuración dun ancoradoiro para as expresións artísticas e intelectuais da emigración galega actual, faremos balance do noso primeiro encontro e deseñaremos propósitos e obxectivos cara o futuro. Estudaremos os métodos de funcionamento ideal para un proxecto así e exploraremos os modelos de asociacionismo e toma de decisións que queremos adoptar. Decidiremos a modalidade da nosa presenza na internet, a operatividade do noso sitio web e marcaremos o rumbo cara un próximo reencontro de ONDA expandindo a nosa rede de contactos e complicidades.

**XOSÉ GAEL**

**CONCERTO**

**DOMINGO 22 — 22:00**

Meu nome é Xose Gael e a miña vida musical comezou en Vigo onde nacín e me criei. Emigrei a Escocia fai 12 anos na procura de novas experiencias e influencias musicais. Licencieime en música no 2014 na Universidade de Strathclyde en Glasgow onde hoxe resido. As miñas especialidades son a composición, a voz, a guitarra, o son, a grabación e a produción, creando o meu propio traballo en galego, castelán e inglés no meu pequeno estudio caseiro. Cada semana actúo en restaurantes en Escocia tocando unha mestura de versións en galego, castelán, portugués e inglés para gañarme a vida, así como en Galicia cando estou de visita. As miñas letras e músicas adoitan xurdir de maneira espontánea reflectindo coma un espello os meus pensamentos e sentimentos. Escribo dun xeito case abstracto, coma se pintara un cadro de moitas cores diferentes, porque acho que é mellor deixar voar a imaxinación dos oíntes para que eles mesmos obteñan as súas propias mensaxes. Posto que levo fóra todos estes anos, obviamente os temas que inflúen as letras das miñas cancións teñen connotacións vencelladas coa morriña, os meus achegados, o amor da miña namorada, as costas e fragas galegas, a nosa idiosincrasia, o ir e vir constante, o día a día e ese meigallo galego que fai que a nosa diáspora sexa única e siga acontecendo hoxe en día coa emigración desta nova xeración de galegos e galegas. Como coido que das mesturas adoitan saír cousas novas e interesantes, a miña música ten influencias do folk galego, portugués, iberoamericano, irlandés e anglosaxón, cun ton escuro vencellado á nosa cultura atlántica, co seu peculiar clima que nos fai devercer polo que hai alén do mar, da néboa e das estrelas.

**IALMA**

**Camión**

**CONCERTO CLAUSURA**

**DOMINGO 22 — 23:00**

Ialma son: [Veronica Codesal](#), [Natalia Codesal](#), [Eva Fernández](#), [Marisol Palomo](#), con [Quentin Dujardin](#) e [Simon Gielen](#).

Ademais dun proxecto artístico, *Camión* ten unha misión de cidadanía de plena actualidade, que fala ao público de todas as idades. A través de *Camión*, IALMA conta o exilio dos seus pais e avós en Bélxica, fuxindo da ditadura de Franco e buscando un país de acollida onde sería posible ofrecer un futuro mellor para os seus fillos. Con este proxecto IALMA convidanos a unha experiencia musical inédita: a mestura da pegada da cultura e tradicións galegas coa variedade do mundo actual. O seu percorrido musical, enchoupado da herdanza galega que corre polas súas veas, é vivido aquí non como unha morriña saudade do País, senón como a expresión dunha identidade aberta da cidade que as viu nacer a todas elas: a Bruxelas cosmopolita, rica na súa multiculturalidade e encrucillada de camiños do mundo, na que as raíces se atopan, cambian, comparten, mesturan e, por veces, fúndanse. *Camión* é a escolla manifesta de abertura ós máis; a cantiga de mulleres de hoxe, testemuñas dunha situación anguriente na que, por todo o lado, mallan no respecto, na tolerancia e mais na expresión das diferenzas. Fieis á súa visión, as composicións foron influenciadas pola música tradicional galega como “cantareiras” das recolleitas que fixeron de avós nas aldeas de Galicia, e traballaron os arranxos con Quentin Dujardin —na dirección artística— e Didier Laloy, fiel a IALMA desde os seus inicios fai xa casi 20 anos.

Os textos foron co-escritos, con base no seu historial familiar, por IALMA e o seu gran amigo-irmán galego Brais Fernandes, de Santiago. *Camiño* resulta, polo tanto, nunha dinámica forte, non só chea de emoción e nostalxia, senón tamén de combate e confianza no futuro con alegría e liberdade...

Aínda que residentes en Bruxelas, Eva, Marisol, Natalia e Verónica están en conexión constante e vital coa súa terra de orixe: Galicia. A cultura e as tradicións galegas son logo os seus inesgotables gurgullos que lle permitiron construír ós poucos un repertorio de cantos e bailes coa pegada das súas raíces, mais adaptadas á súa nova realidade: a das mulleres de hoxe en contacto con diferentes culturas, diferentes linguas, diferentes estéticas. IALMA é testemuña desta evolución musical e artística que comezou na tradición oral galega e aventurouse cara unha mestizaxe sorprendente cunha nova xenaración de ritmos e tendencias. "Descubriremos novas culturas musicais permítenos enriquecernos e coñecernos mellor;" é a mellor maneira de definir a evolución que fixo o grupo, contribuíndo así a perpetuar, renovar e facer evolucionar este tipo de música.

**DOLORES S. CALVO**  
**Washed away**

**EXPOSICIÓN ARTÍSTICA**

**TODOS OS DÍAS DE 16:00 A 24:00**

No seu traballo artístico dos últimos anos, a artista Dolores Sanchez Calvo explora as nocións de alienación, de crise ontolóxica e a dislocación do ámbito emocional coas dimensións físicas e intelectuais. O seu traballo pon en cuestión a estética desinfectada e anódina do trauma, do loito e da pena mentres trata de infundir dignidade e empatía nas súas figuras. O espectador atópase coa representación de individuos fóra dun contexto identificable, imaxes de persoas in extremis nas que pode proxectar as súas propias ansiedades e medos. Estas figuras deixan de ser individuos e convértense en modelos universais da condición humana, suxiren unha narrativa desacougante, de primeiras, pero esta interpretación pode ser contradictoria. A artista escapa da presente norma que deixa de lado todo aquilo que non se axeita a unha percepción positiva da vida. A serie *Washed away* representa xente pillada en momentos de emocións brutais, no medio dunha intensa confusión e desorde, a miúdo despois de desacougos políticos ou eventos catastróficos que só poden ser imaxinados.

Dolores Sanchez Calvo naceu en Santiago de Compostela. A súa formación inicial en lingüística levaouna ao desenvolvemento dunha sensibilidade anatómica cara á comunicación. Trasládouse a Holanda onde estudou multimedia e fotografía, e logo tivo residencia en Nova York. Desde o seu traslado a Londres presentou frecuentes exposicións internacionais e no RU: Creekside Open 2011, seleccionada por Phyllida Barlow, Premios Focus-Abengoa, Seville (2010) e Quatrox Quatro, Vernice Art Fair, Forli Italy (2008). Foi finalista do National Portrait Gallery's 2007 Photographic Portrait Competition e gañadora do Westminster Arts Photographic Award (2008). A súa obra figura nas coleccións de Brompton Hospital, Westminster Arts, Vernice Art Fair e na de diversos coleccionistas en RU, Holanda e España.

**OÉ TOMÉ**

**Árbores Xenealóxicas Xeneticamente Modificadas**

**EXPOSICIÓN ARTÍSTICA**

**TODOS OS DÍAS DE 16:00 A 24:00**

Mutante é aquilo sometido a una mutación. Mutar, pola súa banda, é mudar, modificar ou alterar algo. O uso máis común do concepto de mutante está asociado aos organismos que mudan por mor dun cambio na súa estrutura ou na súa composición. Un mutante, porén, é un ser que experimentou unha modificación nos seus xenes ou que descende dun organismo que sufriu estes cambios. Os mutantes, como resultado da alteración xenética, presentan características diferentes ás que mostran os demais individuos.

Todos somos dalgún xeito mutantes, por axentes externos como a radiación, un produto químico ou a combinación de xenes producida pola replicación do material xenético dos nosos proxenitores. A mutación é, pois, consubstancial á reprodución e, por tanto, ao lento proceso evolutivo —nin sempre unidireccional— da nosa especie. Colaxe manufacturada sobre fotografías de época.

Nado en Galicia, actualmente reside en Bruxelas (Bélxica), Oé Tomé é DJ e produtor musical dende 1982, actividade que ten desenvolvido en diversos países europeos baixo diferentes pseudónimos, como Doc Manhattan ou Misterchoco. Fundador do selo RíoLagares, Tomé comeza a compatibilizar en 1986 a música co deseño gráfico, a colaxe e a fotografía. Neste momento é socio do estudo fotográfico belga *Twin pics* e do colectivo Latente de Vigo. A partires de 2006 comeza a expor, quer de xeito individual, quer colectivo, en cidades como Barcelona, Santander, Bruxelas, Vigo, etc. Amais das súas múltiples colaboracións gráficas para Edicións Xerais, A Nosa Terra, Editorial Galaxia, Le Soir, etc., ten publicado o libro de fotografías *Sealed* (Editorial Teimas, 2009) e o libro de colaxes *Tocar Madeira/Knock on Wood* (Editorial Teimas, 2015).

**XELÍS DE TORO**


**Xelís de Toro en travesía**  
**Da escrita á performance**

**EXPOSICIÓN ARTÍSTICA**

**TODOS OS DÍAS DE 16:00 A 24:00**

Presentamos unha selección de vídeos de performances de variado tipo realizadas maiormente no Reino Unido. Moitas delas teñen un compoñente poético, escrito ou falado, ou mostran a presenza do libro como obxeto, indicando que o encontro coa performance non é unha fuxida da literatura. Algunhas performances presentáronse como pezas individuais: *As we go along* (A medida que imos indo); outras son tamén performances individuais pero co gallo dunha exposición: *Where do you draw the line?* (Onde marcas o límite?), para a exposición *Future dreaming the Guyan Porter* e incluída no proxecto de Boca2mouth ou *Le roi et le buffon* para unha instalación en L'Unique, Nantes, Francia, do artista Jim Sanders. Noutras performances colabora con outros artistas: *I can read you like a book* (Pódoche ler como se foses un libro); con Ed Briggs en Laboratorio, *The Blind Reader* (O lector cego); ou cun grupo de artistas en boca2mouth: *Man Made*.

Xelís de Toro é un escritor galego residente en Brighton no Reino Unido. En Galicia o seu traballo centrouse fundamentalmente na escrita acadando certo éxito con libros como *Seis cordas e un corazón* (seudónimo Roque Morteiro) ou *Non hai misericordia*, aínda que a súa participación no grupo de acción poética Favorita, a banda Os Quinindiola, e o seu libro *Terminal* xa apuntaban o seu interese pola performance. A súa travesía cara ao Reino Unido foi acompañada dun desprazamento cara a presenza física, o movemento e a improvisación. Algunhas claves para entender o seu traballo son: 1. A arte como esforzo físico e mental de busca; 2. O corpo-presenza como punto de encontro e contacto co que nos rodea e maneira de estar no mundo; 3. A improvisación como ferramenta para fuxir da linguaxe, da narración e das estruturas mentais en busca aloucada da creación, invención, autocoñecemento e descubrimento 4. O concepto do extranxeiro, forasteiro, como metáfora do humano no mundo.



# CONCELLO DE SANTIAGO

**GFF** | GALICIAN  
FILM  
FORUM